



Federación de Traballadores  
do Ensino  
Comisión Executiva Nacional



man a man  
Polos teus dereitos

Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

## FETE INFORMA PROFESORADO DE RELIXION

**FETE-UGT, consegue que a Consellería de Educación asuma o pago dos fondos de acción social, referidos a dependencia, sacándoos do marco laboral e integrándoos no docente, onde este colectivo realiza as súas funcións.**

Na xuntanza mantida, na Consellería de Educación, na que participaron: *José Luís Canosa* (subdirector xeral de RRHH), *Raúl Gómez* (Secretario de Pública de FETE-UGT/Galicia e *Ricardo Turnes* (profesor de relixión e Secretario de Acción Sindical de UGT- Compostela), tratáronse os seguintes temas:

### **1.- AXUDAS DE DEPENDENCIA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL:**

Trasládaselle, ou Subdirector Xeral, a problemática tida có rexeitamento das solicitudes, dalgúns profesores/as, nas axudas á dependencia, insistindo que a Consellería debería asumilas fóra do marco do convenio laboral, posto que este profesor/a é laboral docente con destino definitivo. A proposta é tomada en consideración pola administración educativa, pagando a prestación a través de nómina. Así, se arranxa o problema e calquera profesor/a ao que lle fora denegado, se poña en contacto coas persoas que figuran ao pé deste documento ou coa súa sede comarcal de FETE-UGT.

### **2.- NÚMEROS DE REXISTRO PERSOAL:**

A Consellería está de acordo e trasladará á Dirección Xeral de Función Pública a petición, para que consigne o número de rexistro e se cree a aplicación informática.

### **3.-BOLSA DE PERMUTAS:**

A creación dá mesma sería inmediata sempre e cando haxa solicitantes. Ou seu funcionamento : igual que as dos nosos homólogos docentes.

### **4.- CREACIÓN, PARA MODELOS DE INSTANCIA E PETICIÓNS ADMINISTRATIVAS DUN NOVO EPÍGRAFE NOS FORMULARIOS: LABORAL DOCENTE E LABORAL DOCENTE INTERINO:**

A Consellería non poñería atrancos, emprazándonos a facer as xestións coa Dirección Xeral de Función Pública para cambio de aplicacións



informáticas, que redundaría nunha xestión máis eficaz deste colectivo, tanto dende o punto de vista administrativo coma docente.

### **5.-MUTUA PARA O PROFESORADO DE RELIXIÓN:**

O persoal laboral da administración posúe unha mutua de accidentes, compatible coa seguridade social. Educación emprázanos a facer as peticións pertinentes a Dirección Xeral de Función Pública para acadala.

Coma vedes ou voso sindicato, establecendo pontes de diálogo e negociación, con claridade e firmeza, consegue (lembrade ou acordo de 2008 có Ministerio para o recoñecemento de servizos prestados polos profesores/as de primaria anteriores ó curso 1999-2000) e segue con paso firme comprometido con este colectivo de docentes: conseguir unhas eleccións propias, mesa propia, comité intercentros propio e convenio propio, fora do eido do V convenio laboral que nada aporta a este profesorado para a súa maior dignificación laboral e docente. Lembrade que toda a nosa negociación foi dende a mesa do persoal docente non universitario.

### **6.- MATRÍCULA GRATUITA POR ESTUDOS**

Faise fincapé que este profesorado, igual que os seus homólogos docentes, deben de posuír a matrícula gratuíta por ampliación de estudos ou outra formación. Estendendo a mesma aos seus fillos o aos niveis de estudos que desenvolvan.

Para calquera dúbida chamar a Raúl 617 628 773 ou Ricardo 678 794 271. ou ben nas sedes comarcais de FETE-UGT.

## **SECRETARÍA DE PÚBLICA FETE UGT**